



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

---Documento: REQUIRIMENTO DE SUBSANACIÓN A CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ SL

---Contrato: **OBRAS DE CENTRALIZACIÓN, XESTIÓN E REDUCCIÓN DO GASTO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS NA ZONA DE AVDA. DE SANTIAGO E GRAN VÍA**

---Destinatario: **CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ SL**

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 12 DE AGOSTO DE 2009

Examinada a documentación administrativa aportada por CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ SL no procedemento de referencia, aprécianse as seguintes deficiencias:

O poder aportado non está bastanteado nin resulta bastante para que D. Víctor Manuel Martínez Rodríguez presente por si só a oferta.

Da escritura de constitución de 15 de outubro de 2003 ante o Sr. Notario do Ilustre Colexio de Galicia, Ernesto Regueira Núñez, dedúcese poder bastante para que D. Víctor Manuel Martínez Rodríguez e D. Roberto Lemos Fernández concorran mancomunadamente ó procedemento de contratación en nome e representación de CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ SL, mais non ningún deles por si só.

Caso de que CONSTRUCCIONES LEMOS SL sega interesado no procedemento de contratación, deberá aporta-la seguinte documentación:

-Ou ben copia compulsada do DNI de D. Roberto Lemos Fernández e, escrito asinado tanto por este como por D. Víctor Manuel Martínez Rodríguez, no que se ratifiquen no contido íntegro da oferta e documentación aportada no procedemento de contratación das obras de “Centralización, xestión e redución do gasto enerxético nos alumeados públicos na zona de avda. de Santiago e Gran Vía”.

-Ou ben, se o Sr. Martínez é o único asinante da oferta, poder bastante para que D. Víctor Manuel Martínez Rodríguez poda concorrer ó procedemento de contratación das obras de “Centralización, xestión e redución do gasto enerxético nos alumeados públicos na zona de avda. de Santiago e Gran Vía”, representando por si só á empresa CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ SL.

Asemade e, en calquera dos dous casos, tamén deberá aportar acreditación da solvencia económica, xa que soamente aportara acreditación da solvencia técnica. Conforme ós Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (cláusula 11.F): A solvencia económica acreditarase por calquera dos medios previstos no artigo 64 da LCSP. Preferentemente: mediante informe dunha entidade financeira no que se faga expresa mención á suficiente solvencia que, a xuízo da entidade financeira, ten a empresa para a execución do presente contrato.



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

De non presentar a antedita documentación no prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación deste requirimento de subsanación de documentación no Perfil do contratante, procederase á exclusión definitiva de CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ SL do procedemento de contratación.

A Estrada, 12 de agosto de 2009

O CONCELLEIRO DE SERVIZOS URBANOS

Asdo.: Manuel Otero Espiño